

Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR A O EQUIPO DE GOBERNO A MELLORAR AS PARADAS DO AUTOBUS URBANO MUNICIPAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este equipo de goberno presume da posta en marcha dun bus urbano totalmente gratuíto. Recentemente se puxo en marcha un autobús rural, pero cun servizo insuficiente, pois solo pasa polas parroquias unha vez a semana unha hora de ida e unha hora de volta.

Desde o grupo popular recibimos queixas ademais de o inxusto que é que o autobús urbano pase por uns lugares e outros, tamén illados de lugares estratéxicos, non. Recibimos queixas do Barrio do Casar, onde reclaman unha parada na súa zona. Tamén do Valle de Lemos, onde reclaman que nalgún momento do día pase o autobús urbano.

Desde o Grupo Popular consideramos que se poden aplicar formulas para mellorar o transporte colectivo, e que incluso antes de poñer a andar un autobús rural a todas luces insuficiente, quizá fose máis intelixente mellorar o urbano, pois no rural xa existe os autobuses escolares da Xunta a os que poden acceder os cidadáns mentres que hai zonas do caco urbano nos que non chega o outro.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposta de acordo para a aprobar no Pleno da Corporación Municipal:

- O pleno da Corporación Municipal insta o equipo de goberno a mellorar as paradas do autobús urbano habilitando novas paradas en zonas onde se están a demandar polos veciños e actualmente non pasa o autobús.